



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 240
16 de xaneiro de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia

▮ Propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2016

—12 propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 17403) [73030](#)

—17 propostas de resolución do G. P. de En Marea (doc. núm. 17414) [73033](#)

—21 propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 17418) [73039](#)

—9 propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 17381) [73044](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1.2. Consello de Contas

1.5.1.2.3. Memoria de actividades

▮ Recomendacións presentadas polos grupos parlamentarios á Memoria anual de actividades de 2016

—3 recomendacións do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 17405) [73048](#)

—15 recomendacións do G. P. de En Marea (doc. núm. 17415) [73050](#)

—13 recomendacións do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 17423) [73056](#)

—15 recomendacións do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 17382) [73060](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

▮ Resolución da Presidencia, do 15 de xaneiro de 2018, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia [73026](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia

Propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2016

De conformidade co disposto no artigo 65 do Regulamento do Parlamento de Galicia e na norma 8ª e concordantes das Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia (BOPG núm. 400, do 30 de abril de 1993), ordénase a publicación das propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2016.

—12 propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 17403).

—17 propostas de resolución do G. P. de En Marea (doc. núm. 17414).

—21 propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 17418).

—9 propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 17381).

Total: 59 propostas de resolución.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1.2. Consello de Contas

1.5.1.2.3. Memoria de actividades

Recomendacións presentadas polos grupos parlamentarios á Memoria anual de actividades de 2016

De conformidade co disposto no artigo 65 do Regulamento do Parlamento de Galicia e na norma 7ª e concordantes das Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia (BOPG núm. 400, do 30 de abril de 1993), ordénase a publicación das recomendacións presentadas polos grupos parlamentarios á Memoria anual de actividades de 2016.

—3 recomendacións do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 17405).

—15 recomendacións do G. P. de En Marea (doc. núm. 17415).

—13 recomendacións do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 17423).

—15 recomendacións do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 17382).

Total: 46 recomendacións.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2018.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 15 de xaneiro de 2018, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 24 de xullo de 2017 convocouse o proceso selectivo para a provisión por oposición libre de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia e co Acordo da Mesa do Parlamento do 15 de novembro de 2017 modificáronse as bases deste proceso selectivo e aprobáronse as normas xerais que o rexen.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas todas elas coa documentación achegada, ao abeiro do establecido na base 1.3 e 1.4 da referida convocatoria,

RESOLVO:

1º. Aprobar a relación provisional de aspirantes admitidas/os e excluídas/os, con indicación dos seus apelidos e nome e do número do documento nacional de identidade, segundo figura no documento anexo.

Nos supostos de que as solicitudes non contan cos datos ou os documentos exixidos, as persoas interesadas dispoñerán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no BOPG, para poderen emendar o defecto ou achegar os documentos oportunos.

2º. Ordenar a publicación desta resolución no BOPG, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

ANEXO

A) RELACIÓN DE ADMITIDAS E ADMITIDOS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	Álvarez Iglesias	Ismael	44458110F
2	Arias Méndez	Diego	33329896K
3	Arias Pérez	Emilio José	53161029W
4	Arnosa Casal	Juan Cirilo	32681212Y
5	Bahamonde Amor	Javier	52471460L
6	Bellor Merayo	Marcos	73241241H
7	Blanco González	Oscar	44467273Q
8	Cabado Lourés	María dos Anxos	33316108X
9	Carballo Núñez	María	32649510K
10	Castedo López	Julio Miguel	46913462V
11	Castillo González	David	47364995z
12	Castro Mosquera	David	53174994Y
13	Cernadas Vilas	José Santiago	32845457P
14	Cotelo Lema	José Antonio	32812793G
15	Cruz Barcia	Daniel	32826256N
16	Cuervo Martínez	Carlos	35464855M
17	Del Río Bóveda	Óscar	35460918R
18	Díaz Boquete	Juan Carlos	78792159R
19	Díaz Reigosa	David	33997733F
20	Díaz Seoane	Marta	33331416T
21	Docasar Gallego	Joel	47358913G
22	Domínguez Groba	Antonio	44814439C
23	Durán Sanlés	Rosana	53163029R
24	Eijo Álvarez	José Manuel	33998770D
25	Espido Noya	Pablo	46906443J
26	Espiñeira Rodríguez	José Luís	12418779k
27	Fernández Leis	Roberto	32809249W
28	Ferreiro González	María Monserrat	44473325L
29	Freire Gato	Francisco	32665065M
30	Gándara Noya	Martín	47355984L
31	García Palacios	Raquel	47366234B
32	García Paz	Esteban	34892516k
33	García Río	Iván	33348075F
34	García Sánchez	Juan Manuel	46913097C
35	Gómez Barreiro	Sergio	44807865R
36	Gómez Fuentes	Rubén	53612014A
37	Gómez Pérez	Daniel	36112668T
38	González Álvarez	Xulián	44472084C
39	González Carnero	Odilo	44828159D
40	Hermida Rodríguez	Rubén Antonio	4735016K
41	Iglesias Álvarez	Iago	32709541E
42	Lamas Fernández	Antonio	44821456E
43	Lois Bolón	David	46912127Q
44	López Vigo	Gustavo José	32681531A
45	López Villar	José	33542295S
46	Lubián Espinosa	David	36138474T
47	Martín Souto	Roberto	53301266P
48	Martínez Allegue	Luís	774117702R
49	Martínez Pérez	Cristina	53164030J
50	Martínez Suárez	Antonio	44805158P

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
51	Mata Cervera	Verónica	44820945V
52	Mejuto Landeira	Elisa	44810872H
53	Montero Fernández	Beatriz	44464216H
54	Mosquera Gonzalez	Julio	76727133F
55	Nieto Moure	Antonio	44456036A
56	Olalla Cano	Carlos Javier	53303786K
57	Orosa Rodríguez	Ángel	33539903S
58	Osorio Peláez	César	44838175C
59	Patiño Vázquez	Daniel	32665702K
60	Pérez Benavides	Carlos	77006271V
61	Pérez Blanco	Ana	47373538R
62	Piñeiro Esperante	Manuel	33293249J
63	Rivas Viña	Oscar Jorge	77593769A
64	Rodríguez Dorado	César	77410931S
65	Rodríguez Dorrego	Sara	34999033W
66	Salgado Tenreiro	Rodrigo	32702679Z
67	Sánchez Ferreiro	Jorge	78802644K
68	Sánchez García	Natividad	32827659N
69	Santos García	Marcos	44450991H
70	Sanz Anchelergues	Adolfo	44808348R
71	Segade León	Marcos	45845685S
72	Serra Naya	José Manuel	32768297J
73	Silva Domínguez	Isabel	33332415X
74	Sobrino San Martín	Sabela Alexandra	44849378E
75	Taín Vilanova	José Manuel	44477243G
76	Varela Garrido	David	53165167T
77	Vázquez Suárez	Carlos	44806483E
78	Vilanova Añón	Cristina	46909829H
79	Vilariño Fidalgo	Tomás	76825926S
80	Villanueva Santiago	Eva María	52499321G
81	Villares Balsa	Miguel	32693543D
82	Villasenín Vaamonde	Lucía María	32801239L

B) RELACIÓN DE ASPIRANTES PENDENTES DE EMENDAR ALGUNHA DOCUMENTACIÓN:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	DOCUMENTACIÓN A EMENDAR *
1	Abelleira Lence	Alberto	43125546V	1
2	Barreiro Mendaña	Rebeca	71011384B	1
3	Durán Pérez	Nerea	78913906D	1
4	Gil Rodríguez	Andrés	36155351H	1
5	Martínez Suárez	David Fernando	34977424J	2
6	Suárez Suárez	Gonzalo	32792857D	1

*** Para emendar en prazo :**

1) Presentar documento xustificativo orixinal, ou fotocopia debidamente compulsada, de estar en posesión do nivel Celga 4 ou de perfeccionamento de galego, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para os efectos da exención prevista no segundo exercicio, conforme o disposto no apartado 1.3.2.c, que forma parte das normas xerais deste proceso selectivo.

No caso de non achegar documento xustificativo deberán realizar a proba que se detalla nas bases, apartado 2.1.2. da convocatoria do 24 de xullo de 2017 (DOG núm.158 do 22 de agosto de 2017 e BOPG núm.155 do 1 de agosto de 2017).

2) Defecto de «dereitos de exame» conforme o apartado 1.3.4. das bases da convocatoria. **De non emendarse será motivo de exclusión.**

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto nas Normas Reguladoras das Relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Propostas de Resolución**, aos informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da conta Xeral da Comunidade autónoma para o ano 2015.

Resolución núm. 1

Apróbase a Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2015.

Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar dando cumprimento efectivo ás recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia, no seus Informes de Fiscalización.

Resolución núm. 3

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar sendo unha das Comunidades Autónomas con maior esforzo investidor, mantendo a porcentaxe de gasto de capital sobre o total de gasto non financeiro moi por riba da media española.

Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a completar o proceso de redución de débeda dos entes públicos que ten suposto a diminución en máis de 200 millóns dende 2009.

Resolución núm. 5

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver e impulsar os mecanismos de intervención e control de gasto sanitario que se teñen posto en marcha coa nova estrutura orgánica da Intervención Xeral aprobada a comezos deste ano.

Resolución núm. 6

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar reducindo, de xeito simultáneo, o déficit público e o recurso ao endebedamento.

Resolución núm. 7

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que continúe a reducir o risco vivo dos avais do Instituto Galego de Promoción Económica.

Resolución núm. 8

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que continúe a incrementar a súa transparencia en materia financeira tal e como ten feito coa incorporación das modificacións nas previsións de ingresos na memoria remitida ao Consello de Contas ou coa publicación da Conta Xeral en internet.

Resolución núm. 9

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir manténdose entre as comunidades autónomas con maior orzamento per cápita para a sanidade pública.

Resolución núm. 10

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar a xestión áxil e transparente na Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, tanto no referente á contratación como no referente a pago a provedores e, especialmente, no sistema de resolución das chamadas.

Resolución núm. 11

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que as futuras licitacións de contratos de limpeza e de transporte non urgente no eido sanitario contén cun expediente xustificativo máis completo e cuns pregos que inclúan maiores instrumentos de control para facilitar a supervisión e avaliación do cumprimento duns estándares de calidade homoxéneos en todo o territorio.

Resolución núm. 12

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a a ofrecer, no seu Portal de Transparencia e Goberno Aberto, información específica dos plans de reordenación do sector público autonómico que teñen permitido un aforro anual de 70 millóns de euros.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/09/2017 15:50:00

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto nas Normas reguladoras das relación do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **Propostas de Resolución aos Informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2015**.

Resolución nº 1

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a deixar de menosprezar ao Consello de Contas de Galicia, e asuma e execute as recomendacións que ano tras ano recolle os informes de fiscalización deste organismo.

Resolución nº 2

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar en cada exercicio aquelas incorporacións de crédito que teñan clara imputación no propio exercicio, superando o modelo habitual de desprazamento de gastos mediante imputación en exercicios posteriores, cumprindo o principio de anualidade orzamentaria.

Resolución nº 3

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer unha correcta e eficiente planificación orzamentaria de forma que se evite a utilización excesiva do recurso ao fondo de continxencia. Utilizando este fondo estritamente para gastos imprevistos e non de forma discrecional.



Resolución nº 4

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer mecanismos que permitan e garantan a transparencia, seguimento e análise da débeda pública, dispoñendo en todo momento de información ampla e completa sobre a súa evolución, estrutura, orixe ...

Resolución nº 5

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a evitar a utilización das fórmulas de colaboración público-privadas. Xustificar de forma precisa a determinación dos proxectos cuxos obxectivos obriguen a diferir o gasto en orzamentos futuros.

Resolución nº 6

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer mecanismos que permitan evitar o incumprimento, mediante contínuas modificacións de crédito, do acordo parlamentar de aprobación de orzamentos.

Resolución nº 7

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a exercer o principio de transparencia de forma que tanto o proxecto de orzamentos, como a liquidación orzamentaria inclúan información suficiente e adecuada.

Resolución nº 8

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a integrar as fundacións de investigación vencelladas a centros públicos do Servicio Galego de Saúde, sometendo a estas, ademais, á rendición de contas.

Resolución nº 9

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a superar o modelo de contratacións co sector privado no Sergas que xa teñen carácter “estrutural” incumprindo desta forma a Lei de Saúde que lle outorga un carácter complementario.

Resolución nº 10

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer un sistema estable de financiación con medidas rigorosas que para o seu cumprimento no Servicio Galego de Saúde.

Resolución nº 11

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, con carácter xeral, debe superarse o uso indiscriminado do concepto de inversións de carácter inmaterial para rexistrar gastos que non corresponda con gastos de capital.



Resolución nº 12

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer unha idónea determinación do custe de prestación realizada a través de medios alleos (concertos).

Resolución nº 13

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a instar ao Servicio Galego de Saúde para que estableza os mecanismos que permitan recoñecer os diferentes compoñentes do gasto farmacéutico, de xeito que permita recoñecer a súa representatividade dentro do gasto sanitario galego.

Resolución nº 14

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a superar o modelo de contratación precario na administración pública galega, nomeadamente no SERGAS, onde o 23 % do persoal de atención primaria ten un contrato temporal, cifra que chega ao 34% na atención especializada.

Resolución nº 15

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer mecanismos que permitan a execución máis eficaz en termos de utilizacións dos recursos dos fondos europeos para o período 2014-2020 que permitan superar as eivas detectadas nos informes de fiscalización do período 2007-2013.



Resolución nº 16

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar os recursos orzamentarios e de persoal destinados ao Consello de Contas.

Resolución nº 17

O Parlamento de galego insta á Xunta de Galicia a aplicar a Lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) e do II Plan de Avaliación das entidades dependentes da Xunta de Galicia e incorpore o Centro Tecnolóxico da Carne na Axencia Galega da Calidade Alimentaria

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 25/09/2017 17:22:43



GRUPO PARLAMENTAR

Antón Sánchez García na data 25/09/2017 17:22:55

Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 8.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta ante esa mesa as seguintes propostas de resolución, respecto dos informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma de 2015.

Resolución núm. 1

O Parlamento de Galicia reproba a falta na labor de colaboración da Xunta de Galicia co Consello de Contas, e insta á Xunta a non repetir, ano tras ano, as mesmas limitacións ao alcance.

Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que, en cumprimento do principio de transparencia, presente a memoria anual da Conta Xeral estruturada e completa, incorporando a información prevista na normativa de aprobación, especialmente, nos seguintes aspectos: a) Situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento de obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.

Resolución núm. 3

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que adopte as medidas lexislativas e de control parlamentario que limiten o uso do programa 621B (Imprevistos e funcións non clasificadas), evitando a súa utilización como programa-ponte para realizar transferencias de crédito, permitindo os límites fixados pola normativa que impiden as transferencias directas entre as aplicacións afectadas.

Grupo Parlamentario

Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que regule os supostos de aplicación, así como a dotación anual do Fondo de Continxencia, segundo establece a LOEOSF.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Resolución núm. 5

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que modifique a normativa de réxime financeiro e orzamentaria para conciliar a definición do sector público contido na Lofaxga co perímetro dos orzamentos, as entidades incluídas na Conta Xeral da Comunidade e as sometidas a control interno, nas súas distintas modalidades, por parte da Intervención Xeral.

Resolución núm. 6

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que actualice o marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a adaptación normativa orzamentaria á clasificación de entidades desa lei (Lofaxga), así como aspectos básicos da formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, da integración nela das distintas entidades públicas e do seu réxime de control, e aborde unha anticipación na rendición da Conta Xeral a este órgano de control

Resolución núm. 7

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer unha correcta imputación contable diferenciando claramente os investimentos reais dos gastos de carácter inmaterial.

Resolución núm. 8

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que obrigue a todas as entidades instrumentais autonómicas ao cumprimento das súas obrigas na rendición de contas, así como de toda a documentación necesaria que non limite



Grupo Parlamentario

o alcance dos informes; reprobando as oito sociedades públicas, once fundacións e sete consorcios que no as presentaron neste exercicio 2015.

Resolución núm. 9

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que obrigue a todas as entidades instrumentais autonómicas ao cumprimento das súas obrigas na rendición de contas en prazo, así como de toda a documentación necesaria que non limite o alcance dos informes.

Resolución núm. 10

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que poña en marcha o rexistro de entidades dependentes previsto na Lofaxga e estableza sistemas de identificación das entidades que poden reunir os requisitos legais para seren consideradas integrantes do sector público autonómico.

Resolución núm. 11

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que, cumprindo co principio de transparencia, publique información accesible acerca dos obxectivos establecidos e do seu grao de realización.

Resolución núm. 12

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar un subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos fondos de compensación territorial.

Resolución núm. 13

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar en cada exercicio unicamente aquelas incorporacións de crédito que claramente teñan xustificada a súa non imputación dentro do propio exercicio, cuestión que deberá ser obxecto de control parlamentario, evitando así o habitual desprazamento de gasto a exercicios posteriores.

Grupo Parlamentario

Resolución núm. 14

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar sen máis demora no sistema contable da Administración xeral autonómica a contabilidade financeira, dando así efectivo cumprimento ao Plan xeral de contabilidade pública de Galicia 2010.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Resolución núm. 15

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que as entidades instrumentais actualicen o marco de contabilidade pública, aprobando un novo plan galego ou acolléndose ao plan xeral de contabilidade pública aprobado pola Administración central.

Resolución núm. 16

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incorporar no Portal de Transparencia e Bo Goberno a información precisa dos fondos europeos do marco 2007-2013, en termos de consecución de obxectivos e nivel de execución de cada programa operativo.

Resolución núm. 17

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incorporar no Portal de Transparencia e Bo Goberno a información precisa dos fondos europeos do marco 2014-2020 en termos de consecución de obxectivos e nivel de execución.

Resolución núm. 18

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar en 2017 un plan de viabilidade das fundacións feirais públicas que incremente as capacidades delas para xerar recursos propios.



 Grupo Parlamentario

Resolución núm. 19

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, conforme ás esixencias da Lofaxga, a establecer nas axencias públicas os necesarios indicadores de xestión, para a súa debida verificación polo Consello de Contas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Resolución núm. 20

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a verificar o nivel de calidade asistencial da súa rede de centros de atención ás persoas maiores adscritos á Consellería de Política Social.

Resolución núm. 21

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de traballo 2017-2020 para facilitar a participación das Pemes na contratación pública autonómica, en cumprimento do establecido na Directiva 2014/24/UE a propia Lei 14/2013, do 27 de decembro, de reestruturación do sector público autonómico sobre a división en lotes cando o obxecto dos contratos así o permita.

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/09/2017 18:05:18



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **propostas de resolución aos informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2015 (10/ICON-000001)**.

Resolución núm. 1

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a asumir as recomendacións contempladas polos Informes do Consello de Contas facendo pública unha cronoloxía de previsión da súa efectivización e a informar anualmente no Parlamento Galego da evolución dos seu cumprimento.

Resolución núm. 2

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a introducir medidas correctoras na planificación orzamentaria para corrixir as deficiencias detectadas polo Consello de Contas, especialmente o abuso do recurso ao Fondo de Continxencia e o uso inadecuado do *programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas* para financiar gastos reiteradamente orzados á baixa e mal planificados.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 17381
Data envío: 25/09/2017 13:31:52.180

Resolución núm. 3

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións necesarias para a rendición de contas correspondentes ao exercicio 2015 da Estación de Inverno de Manzaneda así como de Turgalicia, para dar cumprimento ao principio de transparencia e, neste último caso, avaliar a resultante do seu proceso de extinción.

Resolución núm. 4

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a iniciar un proceso de revisión das colaboracións público-privadas dos servizos dependentes así como dos seus entes instrumentais de cara a planificar o freo da perda do carácter público de servizos esenciais como a sanidade e reorientar a organización destes cara a reversión para a xestión pública.

Resolución núm. 5

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a completar os programas orzamentarios con indicadores para a medición dos obxectivos previstos en termos contificábeis e medíbeis para unha adecuada avaliación do gasto. Antes da presentación dos orzamentos anuais elaborárase e remitírase ao Parlamento Galego un informe no que se analice o seu grao de cumprimento e as desviacións producidas para unha avaliación cualitativa alén do grao de execución orzamentaria.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resolución núm. 6

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a iniciar un proceso de reversión da externalización do servizo de limpeza do ámbito hospitalario do SERGAS. En canto non se recupere a xestión pública reducirase a fixación de orzamentos de licitación demasiado axustados e pouco obxectivos, unificaranse criterios de adxudicación e a súa ponderación e garantirase a transparencia e a obxectividade así como a unificación dos criterios de control.

Resolución núm. 7

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a levar a cabo en colaboración cos axentes implicados un estudo sobre o impacto nas persoas usuarias do incremento das taxas e prezos públicos da sanidade de cara a avaliar a potencial perda do seu carácter público e introducir medidas correctoras.

Resolución núm. 8

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a mellorar a regulación e control na construción de autovías mediante o sistema de peaxes na sombra, que compromete gastos con cargo a exercicios futuros.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 17381
Data envío: 25/09/2017 13:31:52.180

Resolución núm. 9

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a tomar as medidas oportunas para salvagardar o mantemento do sistema sanitario galego, atallando a súa infrafinanciación e paralizando a política de extensión de concertos sanitarios, xa que tal e como amosa o Consello de Contas incrementa o seu orzamento a unha intensidade tres veces maior do que o fai o conxunto do SERGAS.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2017 10:07:22

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Recomendacións** respecto da Memoria anual de actividade do exercicio 2016.

Recomendación núm.1

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a continuar aproximando os Informes da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, da Conta Xeral do Sergas e o Informe de actividade económico-financiera das entidades públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, ao exercicio en curso, con independencia da presentación dos restantes informes de fiscalización selectiva.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a manter con carácter periódico os Informes sobre a Actividade Económico-financiera das Entidades Públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a que continúe avanzando nos traballos para facilitar a rendición telemática da Conta Xeral da Administración Autonómica no seo da comisión mixta formada por representantes do Consello de Contas e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma creada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17405
Data envío: 25/09/2017 15:56:28.069

Pedro Puy Fraga na data 25/09/2017 15:49:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga e Luís Villares Naveira** ao abeiro do disposto nas Normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes *Recomendacións á Memoria anual de actividades de 2016*.

Recomendación nº 1.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de traballo, unha auditoría da débeda pública galega que explique os condicionantes polos que esta se ten triplicado dende os comezo dos mandatos do PP.

Recomendación nº 2

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe sobre o diferencial en termos de custo, que supón o financiamento das inversións a través do modelo de colaboración publico-privada en lugar de facelo directamente pola administración pública.

Recomendación nº 3

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe que permita coñecer o diferencial dos costes de endebedamento, que supón para Galicia acudir aos mercados financeiros en lugar de utilizar os mecanismos extraordinarios de financiamento establecidos polo Goberno Central.

Recomendación nº 4

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de traballo, un informe sobre a situación contractual do persoal da Xunta de Galicia e do conxunto de entes, institutos e axencias públicas dependentes desta, de forma que se avalía a súa adecuación a realidade sociolaboral do país.

Recomendación nº 5

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un estudo detallado sobre a aplicación de cláusulas sociais nos contratos públicos de obras, servizos, colaboración sector público privado, de concesión de obras públicas e xestión de servizos da Xunta de Galicia, así como do grao de cumprimento das cláusulas técnicas dos mesmos.



Recomendación nº 6

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dunha relación detalla dos conceptos que nos orzamentos dos últimos anos que figurando como investimento que finalmente foron utilizados como gasto corrente.

Recomendación nº 7

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización da Fundación Cidade da Cultura.

Recomendación nº 8

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír dentro dos seus plans de traballo a Fiscalización das contas da RTVG, con especial incidencia na repercusión nos custes da entidade do recurso a utilización da produción propia externa e allea.

Recomendación nº 9

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír dentro dos seus plans de traballo e fiscalización, a elaboración dun informe da adecuación da utilización dos fondos europeos destinados aos GAC aos obxectivos fixados no programa coma a reactivación da actividade pesqueira e as economías das zonas costeiras.



Recomendación nº 10

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de actuación, inclúa un informe de fiscalización sobre a entidade Pública Portos de Galicia.

Recomendación nº 11

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, a realización dun informe de auditoría específico sobre o servizo de comedores escolares que inclúa a valoración do custe da externalización do servizo a través de concesións de catering.

Recomendación nº 12

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, se realice un informe de fiscalización específico sobre os concertos educativos, facendo especial incidencia nos centros que segregan alumnado en función do seu sexo.

Recomendación nº 13

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, execute un informe de fiscalización de actividades da comisión intermunicipal Razamonde-San Trocado que afectas aos concellos de Punxín, San Amaro e Cenlle.



Recomendación nº 14

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, inclúa a fiscalización sobre os mecanismos implantados para o período 2014-2020 dos fondos europeos, co obxectivo de corraxir os erros detectados nos informes de fiscalización do período 2007-2013.

Recomendación nº 14

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre o Centro Tecnolóxico da Carne de Ourense.

Recomendación nº 15

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe sobre a aplicación da lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) e do II Plan de Avaliación das entidades dependentes da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:



José Manuel Lago Peñas na data 25/09/2017 17:44:39

Antón Sánchez García na data 25/09/2017 17:44:48

Carmen Santos Queiruga na data 25/09/2017 17:44:54

Luis Villares Naveira na data 25/09/2017 17:45:00

Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes recomendacións a Memoria anual de actividades de 2016.

Recomendación núm.1

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a presentar os próximos informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio seguinte ao peche das súas contas anuais.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización específico dos contratos de publicidade e comunicación promovidos pola Xunta de Galicia durante os exercicios 2015 e 2016.

Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe específico de fiscalización e de auditoría operativa sobre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Recomendación núm. 4

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe sobre as axudas e convenios levados a cabo polo Goberno galego coas entidades locais e institucións delas dependentes, co obxecto de verificar a súa concesión en virtude de criterios obxectivos, avaliáveis e non discriminatorios, ditaminando a posible ilegalidade ou falla de xustificación das subvencións outorgadas sobre a base, unicamente, da súa orde de entrada no Rexistro ata a finalización do crédito preestablecido.

Recomendación núm. 5

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas para que realice un informe sobre o custo dos concertos hospitalarios realizado polo Servizo Galego de Saúde, no que inclúa o custe global concertado con cada hospital, así como o custe por servizo concertado con indicación expresa da comparativa entre o custe do servizo realizado nun hospital público e nun centro concertado, e o volume que estes concertos supoñen con respecto ao orzamento do Sergas.

Recomendación núm. 6

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas para que realice un informe de fiscalización sobre a Axencia Galega de Innovación.

Recomendación núm. 7

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización dos procesos de contratación da Axencia Galega de Turismo.

Recomendación núm. 8

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a fiscalizar os procedementos de contratación administrativa da Xunta de Galicia, dos seus organismos autónomos, axencias públicas e demais entidades públicas dela dependentes, tendo en conta os criterios, recomendacións e informes da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia e do Consello Galego da Competencia, sobre a incidencia da contratación pública nos mercados de bens e servizos e na economía do sector público, e con especial atención ás posibles trabas que as Pemes poidan estar encontrando para participar nas licitacións públicas.

Recomendación núm. 9

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a presentar un balance de xestión, execución e cumprimento de obxectivos dos programas operativos dos



Grupo Parlamentario

fondos europeos xestionados pola Administración autonómica correspondentes ao marco de financiamento 2007-2013

Recomendación núm. 10

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a presentar un balance provisional de xestión, así como do grao de execución dos programas operativos dos Fondos europeos xestionados pola Administración autonómica correspondentes ao marco de financiamento 2014-2020.

Recomendación núm 11

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar o informe de fiscalización de cada unha das confrarías de pescadores.

Recomendación núm 12

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar o informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo; analizando o proceso de construción e equipamento, no que se inclúa unha avaliación sobre o incremento de custes sobre o estimado inicialmente; así como sobre o proceso de posta en funcionamento.

Recomendación núm. 13

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre os contratos de concesión 2009-2017, así como sobre os costes económicos do servizo de gardacostas marítimo de Galicia durante os anos 2009-2017

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/09/2017 18:18:40

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 17382
Data envío: 25/09/2017 13:32:01.025

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes recomendacións á Memoria anual de actividades de 2016 (10/MCON-00000) de cara ao vindeiro Plan de Traballo.

Recomendación núm. 1

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría do proceso de adxudicación do novo Plan de Transporte.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas levar a termo a fiscalización correspondente á adxudicación dos contratos de limpeza de edificios administrativos da Xunta do ano 2017

Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría dos procesos de contratación dos servizos de comedores escolares de xestión indirecta.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 17382
Data envío: 25/09/2017 13:32:01.025

Recomendación núm. 4

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas levar a cabo unha fiscalización específica en relación aos concertos educativos, a comezar polas entidades segregacionistas e con especial atención á análise dos criterios aplicados para outorgar ou non as axudas económicas.

Recomendación núm. 5

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas someter a fiscalización o proceso concursal para o servizo autonómico de salvamento marítimo con helicópteros e elaborar unha avaliación sobre a anterior venda dos helicópteros por parte da Xunta de Galiza e a súa repercusión para as arcas públicas.

Recomendación núm. 6

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe no se someta a fiscalización a contratación dos medios aéreos do dispositivo de extinción de lumes forestais.

Recomendación núm. 7



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización das deputacións provinciais no que se avalíen:

- os criterios de reparto dos recursos entre os diferentes concellos
- a eficiencia de gasto en relación coas competencias a desenvolver comparando cando menos os dous últimos mandatos.

Recomendación núm. 8

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización específico relativo á AXEGA, Axencia Galega de Emerxencias con especial atención ás súas contratacións, adquisicións de material e convenios de colaboración e coa inclusión dun informe no que se avalíe a á súa política de transparencia.

Recomendación núm. 9

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre a xestión dos Obradoiros de Emprego financiados pola Xunta de Galiza.

Recomendación núm. 10



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe de fiscalización das contratacións levadas a cabo a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA).

Recomendación núm. 11

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas que dentro do Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo inclúa unha análise sobre o incremento de custes respecto do inicialmente estimado de cara a avaliar a carga real que suporá para a facenda pública.

Recomendación núm. 12

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a someter a un informe de fiscalización as axudas concedidas polo goberno galego ao sector industrial da automoción a través do IGAPE e das subvencións da Xunta de Galiza desde o ano 2009.

Recomendación núm. 13

O Parlamento de Galiza insta ao Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización sobre o endebedamento da Xunta de Galiza, analizando especialmente a débeda e obrigas contraídas mediante fórmulas de financiamento público privado.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 17382
Data envío: 25/09/2017 13:32:01.025

Recomendación núm. 14

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe sobre os distintos procedementos de contratación das entidades do sector público autonómico co obxecto de verificar o grao de cumprimento da publicidade e transparencia.

Recomendación núm. 15

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar a fiscalización da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS).

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza


PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 17382

Data envío: 25/09/2017 13:32:01.025

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2017 10:07:08



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727